

El SURRIO. Un abono que xa cheira

▼ Jesús González Gayol

El cuito amañado pol gado sempre s'usó como abono. Dende que s'empezó a usar tamén el líquido que rezuma —el surrio—, pra regar as pradeirías y os eiros, tase cambiando a calidá da terra y esto hai que miralo muito por que podemos tar acabando con ela.

Botando muito surrio cambiá a flora dos prados y desaparecen as leguminosas (trebe, alfalfa, veza), lo que fai baxar muito a calidá del herba al perder proteínas. Esto supón baxar a productividá y —se nun se yes complementan as dietas— empiorar a salú dos animais que la cumen. Pro tamén el surrio provoca outros problemas na terra, pois endurécela y amáñaye úa coda porriba que nun ye deixa osixenarse nin deixa enreizar ben ás prantás. Esto trai consigo úa alteración que pouco a pouco mata a flora microbiana qu'é fundamental pra qu'as prantás medren.

Na nosa comarca el surrio tamén provoca outros problemas pois einda acidifica a terra máis de lo que ta y esto tala alterando muito condo nun s'encaña como é debido despóis de botalo.

Os cambios que se fixeron nos caseirós deixando de feir cuito —qu'é el miyor xeito de miyorar a estructura das terras—, facilitou mucho el trabayo y a comodidá, pro tamén supuxo úa situación nova qu'einda nun se conoce ben. En muitos casos, el surrio, ademáis del mexo y da bula das vacas, tamén leva xabóis de lavar as salas de mecer y restos de melecías que son un contaminante importante pras terras y pral auga dos regueiros.

A composición del surrio varía muito según de qué animais seña y de lo augado que tía, pro pódese estimar que, en xeneral, por cada m^3 contén 3 kg de nitróxeno, 0,8 kg de fósforo y 4 kg de potasio. D'esto sácase que ten muito potasio, abondo nitróxeno y ben pouco fósforo, lo que supón qu'hai que ter muito cuidado al botalo na terra, xa qu'esta composición nun é nin a que precisan as prantás nin a que ye convén á terra.

Pra qu'el surrio nun ye faga mal á terra das pradeirías é aconseyable nun botaryes más de 20 m^3 por Ha despóis de cada corta d'herba, col que se consigue úa dosis d'abonado de 80 kg de potasio, 20 kg de fósforo y 50 kg de nitróxeno. Se os prados nun son mui bus, estas cantidades son mui altas en potasio, mui baxas en fósforo y abundas en nitróxeno, polo qu'hai que corrixilas. Lo más lóxico era analizar as terras cada poucos anos pra ver cómo van indo y pr'axudaryes a tar equilibradas. Nestos últimos anos xa se víu que muitas fincas que yes botaron muito surrio y que s'analizaron nel laboratorio tein os niveles de potasio mui altos, polo que foi necesario aconseyaryes que botaran magnesio pra miyoralas y pra qu'as vacas nun tuvesen probemas sanitarios.

Como s'aveza a botar mucho surrio, el nitróxeno xa empeza a ser un problema. Tamos einda lonxe de chegar al límite que recomenda a O.M.S. (Organización Mundial da Salú), que dice qu'el auga potable nun pode ter más de 50 mg de nitratos por litro. Agora andamos nos 10 mg pro tamos subindo muito porque hai poucos anos el nivel que tíamos era inapreciable y xa se ta vindo qu'os ríos y os regueiros cada vez tein menos vida y menos truitas. De todas formas, como os labradores que van quedando cada vez tein que ter más vacas pra poder vivir y cada vez hase a feir más surrio, hai que buscarse solucióis como inyectalo na terra con máquinas especiales, como xa tán feindo nos países de Centroeuropa, colo que s'aproveta miyor el nitróxeno y se quitan os cheiros, ou usalo tamén noutros cultivos como pode ser el caso das prantacíos dos montes.



Pradeirías nos alredores de Tol (Castrípol)

El momento miyor de botalo é al salir del inverno ou al empezar a primavera, pra qu'al chover nun se faga úa coda qu'afogue as reices das prantás. Nun se ten que surriar na época de botar el gado a pacar, pois el herba perde muito sabor col surrio y tampouco nun é bon botar surrio nel brao xa que se perde más del 80% del nitróxeno que ten, al tar na forma de nitróxeno amoniacial. Tamén hai que ter cuidado al botar el gado despóis de surriar porque yes poden aumentar os parásitos intestinales.

Os pasos que se tán dando pra miyorar el trabayo nel campo tán muito ben pro temos que feilos con muito xeito pra que nun seña un problema y pra que nun alteren einda máis el entorno que disfrutamos, pois é un privilexo telo á nosa disposición.

Foto: ENTRAMBIASAUÍAS